



Xeración de Crédito 022-X/19 (81/19)

Expte. Cividas: 2019039129

Expte relacionado: 2016029414

XC – 022X/2019

DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica

Vista a Providencia da Concelleira delegada de Comercio de data 17/10/2019 na que se solicita que por parte da Concelleira delegada de Facenda se tramite expediente de modificación orzamentaria para dotar con 2.362.470,20 € á partida 160.4314.62200 “Reforma e Rehabilitación da Praza de Abastos núm. 1”, indicando, entre outras cuestións que “Dado que o importe desta subvención polo montante correspondente a segunda das anualidades non estaba previsto no orzamento municipal vixente para o exercicio económico en curso, proponse, ao amparo da normativa reguladora das facendas locais e ao art. 16 das bases de execución do orzamento municipal vixente, a incoación dun expediente de modificación de créditos, na modalidade de xeración de créditos, pola contía de 2.362.470,20 € e na aplicación orzamentaria 160.4314.62200 correspondente ó importe da segunda anualidade comprometida polo Ministerio de Fomento para o financiamento do proxecto de Reforma e Rehabilitación da Praza de Abastos nº 1 de Ourense”.

Emitido informe polo Xefe do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, en data 21/10/2019 (ref: 261/2019), no que entre outras cuestións manifesta: “... toda vez que o crédito que se propón xerar conta con financiamento afectado (de entenderse vixente a subvención concedida a este Concello), susceptible polo tanto de xerar desviacións de financiamento cuxa cuantificación resulta mais doada si se utiliza a figura contable dos “proxectos de gasto”, é recomendable agrupar os proxectos de gasto 10-2-22-01 e 16-2-16-01, actualizando o proxecto resultante en base a documentación existente no expediente nº 2016029414.

...

De non entenderse xustificadamente o compromiso por parte do Ministerio, a modificación a tramitar no exercicio que corresponda tería que ser un suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais e non unha xeración de crédito financiada con compromisos firmes de achegas como se está propoñendo neste intre polo Servizo”.

Vista a Proposta de xeración de créditos, asinada pola Concelleira delegada de Facenda, en data 22/10/2019.

Emitido polo Interventor Municipal, en data 31/10/2019, informe preceptivo (ref: 22X-19) con asunto “expediente xeración de créditos nº 22-X/2019” no que entre outras cuestións indica que: “Os compromisos de ingresos que xeran crédito ascenden á cantidade de 2.362.470,20 euros e teñen o seu reflexo contable no concepto 72040 do orzamento municipal. Os recursos que se propoñen cara á xeración de crédito cumpren cos requisitos previstos na normativa referenciada, no que atinxe a súa natureza de ingresos de natureza non tributaria e atoparse dentro dos supostos taxados do artigo 43.1 do R.D. 500/1990.

En calquera caso, con respecto á validez da comunicación recibida da mencionada Subdirección Xeral de Arquitectura y Edificación dependente da Dirección General de Arquitectura, Vivienda y Suelo como compromiso firme de achega, tal e como esixe o artigo 43 do citado Real decreto, esta Intervención remítese ao sentido das consideracións verquidas no seu informe núm 120/19, en



particular: "(...) en cualquier caso, de admitir la comunicación recibida del Subdirector General de Arquitectura y Edificación dependiente de la Dirección General de Arquitectura, Vivienda y Suelo, como una resolución administrativa de la que deriva un compromiso firme de aportación que ampara la habilitación de crédito presupuestario por el importe del 65 % de la actuación proyectada, quedaría pendiente en todo caso, el importe correspondiente al 35 %..."

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposición que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, e no Título III do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 022-X/2019, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
160.4314.62200	Reforma e rehab Praza de Abastos núm 1	2.362.470,20 €
TOTAL.....		2.362.470,20 €

ORIXE DOS FONDOS

<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
72040	Subv. Min de Fomento Reforma Praza de Abastos núm º 1	2.362.470,20 €
TOTAL.....		2.362.470,20 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e **á Concellería delegada do Servizo de Comercio**, como centro xestor do gasto, **Concellería delegada do Servizo de Contratación** aos efectos oportunos.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

